

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TORDOIA

Corrección de erros do Decreto 135/2019 de nomeamento de representantes da corporación nos órganos Colexiados e delegacións

Con data 27/06/2019 aprobouse por decreto da alcaldía n.º 135/2019 o “Nomeamento de representantes da corporación nos órganos Colexiados e delegacións”.

Esta Resolución publicouse no BOP número 124 do mércores 3 de xullo de 2019.

Advertido erros na citada Resolución faise publica a seguinte corrección de erros:

“**ASUNTO:** CORRECCION DE ERROS NO DECRETO N.º 135/2019.-

EXPEDIENTE: 2019/G003/000152

ANTECEDENTES:

Detectado erros de transcripción no decreto n.º 135/2019, cómpre facer a corrección que se reitera sendo este o contido:

De conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administracións Local de Galicia e 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e coa finalidade de conseguir unha maior eficacia na xestión municipal

RESOLVO:

Primeiro.–Realizar a favor dos concelleiros que se indican as seguintes delegacións xenéricas:

- Educación, Medio Ambiente e Medio Rural: D. Óscar Liñares Casal
- Emprego, Servicios, Urbanismo: D. Marcos Fraga Rama
- Terceira Idade e festexos: D.ª Manuela González Pallas
- Deporte e Cultura: D.ª María del Mar García González
- Asuntos Sociais: D.ª Inés Santos Pereiro
- Obras e Viais: D. Amadeo Cancela Fariña

Facultades que se delegan no ámbito da área de servizo indicado terá a responsabilidade da área na que é competencia do Alcalde, para coñecemento, xestión ordinaria e seguimento, así como dirixir os servizos con proposta de resolución.

En ditas delegacións non se inclúe a facultada de resolver mediante actos administrativos que afectan a terceiros.

Segundo.–Nomear como representantes no ÓRGANOS COLEXIADO:

- Mancomunidade de Municipios Comarca de Ordes: D. Eduardo Antonio Pereiro Liñares
- Consello Escolar: a D. Óscar Liñares Casal
- Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes (ASDECOMOR): D. Eduardo Antonio Pereiro Liñares.

Terceiro.–A presente delegación de atribucións surtirá efectos dende o día seguinte ao da data do presente decreto.

Cuarto.–Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, e publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da sinatura da presente resolución.

Quinto.–Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que celebre.

Mándao e asínao o señor alcalde en Tordoia a dez de xullo de dous mil dezanove.

O alcalde

Eduardo Antonio Pereiro Liñares”

Tordoia, 11 de xullo de 2019.

O alcalde,

Eduardo Antonio Pereiro Liñares